

Unidade 7. Mantémonos informados

Nome: _____ Curso: _____ Data: _____

Hai moitos anos, nunha aldea á beira do río, vivía un home que se chamaba Mabale. Tiña unha filla moi fermosa.

Mabale poñíalles unha proba a tódolos mozos que lle pedían permiso para casar coa súa filla. A proba era a seguinte: tiñan que traerlle desde o río un cesto cheo de auga.

Pero a auga escoaba por entre os vimbios do cesto, e era ben difícil que chegase unha pinga. E os mozos marchaban tristes.

Un día de primavera apareceu un viaxeiro na aldea. Cando viu á filla de Mabale quedou namorado dela e foilla pedir ao seu pai. Mabale púxolle a mesma proba e el aceptou.

O forasteiro pediu o cesto máis grande que houbera na aldea para o encher no río, e máis dúas varas para podelo coller despois. O cesto que lle deron era alto como un home, dos que levan na miña parroquia cando van apaña-las uvas. Tamén pediu que lle axudasen dous mozos da aldea a sacalo do río.

A xente da aldea riuse vendo o que facía aquel home. Chamábanlle «o home parvo» porque todos sabían que ninguén podía leva-la auga nun cesto.

Chegou o día de cumprir a proba e aló se meteron no río o forasteiro e mailos mozos que lle axudaban. Cando quixeron sacar o cesto, pesaba tanto que as varas romperon ó momento.

Entón o home díxolle a Mabale que aquelas varas non aguantaban do cesto, e pediulle unhas liñas de fume da súa lareira para poñer no sitio das varas.

Mabale foi á casa e quixo colle-las liñas de fume, pero escapábanlle polo aire, así que volveu e explicoulle ó forasteiro o que lle pasara, e entón o forasteiro respondeu:

—Pois se non me traes unhas liñas de fume, non che poden levar un cesto con auga.

E Mabale tivo que darlle a razón e o permiso para casar coa súa filla. Porque non podemos pedirlle a ninguén que faga unha cousa imposible.

www.cesarsalgado.net



Unidade 7. Mantémonos informados

Nome: _____ Curso: _____ Data: _____

1. Cales son os personaxes principais de este conto?

2. Elixo un adxectivo para estes personaxes.

mozo

Mabale

astuto

namorado

vencido

simpático

3. Inventa un título para o conto.

4. Escribe un resumo deste conto seguindo as ilustracións.



5. Por que cres que Mabale poñía unha proba imposible aos pretendentes da súa filla?

6. Cal cres que é a ensinanza deste conto?

Unidade 7. Mantémonos informados

Nome: _____ Curso: _____ Data: _____

7. Escribe o significado das seguintes palabras.

- Zoqueiro → _____
- Afiador → _____
- Compoñedor → _____

8. Escribe unha oración con cada unha das palabras do exercicio anterior.

- _____
- _____
- _____

9. Escribe o campo semántico de zoca e afiar.

10. Completa.

	Aumentativo	Diminutivo	Despectivo
zoca			

11. Escribe os nomes das profesións en masculino e en feminino.

- Persoa que fabrica xoias. _____
- Persoa que cociña. _____
- Persoa que vende nunha tenda. _____
- Persoa que escribe nun xornal. _____
- Persoa que repara zapatos. _____

12. Contesta.

- Quen coida os parques e os xardíns?



Unidade 7. Mantémonos informados

Nome: _____ Curso: _____ Data: _____

13. Le esta noticia.

Luns, 4 xuño de 2012

BBC MUNDO

Un café vienés exclusivo para gatos

En Viena inaugurouse o sábado o primeiro café para gatos, un lugar onde os clientes poden gozar dos seus cafés ou capuchinos mentres aloumiñan os seus felinos.

O café chámase «Neko», que significa gato en xaponés.

O local encóntrase no centro da capital de Austria, preto da catedral de Sa Estevo, centro de interese turístico.

Con cincuenta asentos, este café onde os cans están terminantemente prohibidos é todo un éxito.

A idea concibiuna unha muller xaponesa, que leva anos apoiando un refuxio de animais.

O café conta con cinco gatos propios.

14. Contesta as seguintes preguntas.

- Cal é o titular desta noticia? Escríbeo.

- En que xornal está escrita esta noticia?

- En que data saíu a noticia?

- En que parte da noticia se contestan as preguntas: onde?, cando?, que ocorre?

14. Escribe ti unha pequena noticia.

